



ANEXO I: DOCUMENTACIÓN NECESARIA

1. Documentación xustificativa da situación familiar:

- a) Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte das/os nais/pais, titoras/es ou representante legal.
- b) Libro/s de Familia ou, no seu defecto, outros documentos que acrediten oficialmente a situación familiar e Título de Familia Numerosa de ser o caso.
- c) Volante de empadramento da unidade familiar só se reside en concellos limítrofes.

2. Documentación xustificativa de ingresos:

Declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigada/o a declarar, certificado negativo emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude, de todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar (IRPF correspondente ao ano 2023).

3. Documentación xustificativa da situación laboral:

- a) Última nómina, certificación de empresa ou vida laboral, no caso de persoas traballadoras por conta allea.
- b) Último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores autónomos ou da correspondente mutualidade, no caso de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas.
- c) Certificación de ser demandante de emprego (con efectos dende o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes) no caso das persoas desempregadas.

4. Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacións que, por baremo, sexan susceptibles de puntuación:

- a) Certificado de discapacidade ou grao de dependencia alegada polos membros da unidade familiar.
- b) Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- c) Informe do equipo de valoración e orientación da Consellería de Política Social sobre a necesidade de integración no caso de nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo.
- d) Informe do organismo competente no caso de acollemento ou garda con fins adoptivos de nenas/os.
- e) Documentación acreditativa de incidencias tales como separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais ou certificado administrativo de monoparentalidade.
- f) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero.
- g) Informe dos Servizos Sociais do concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais en que viva a unidade familiar.

A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos nos apartados 3 e 4 dentro do prazo de solicitude e emenda suporá a non valoración, na correspondente epígrafe do baremo, de calquera das circunstancias alegadas.